

A Institución Galega de Ciencia (IGACIENCIA) oponse ao Decreto 79/2010 e considera que os danos irreparábeis que produce a posta en marcha dese Decreto son os seguintes:

-Deforma o mesmo concepto de Educación en Galicia que se pode definir como o proceso de vinculación e de sensibilización cultural, moral e actitudinal. Así, a través da educación, as novas xeracións asimilan e aprenden o coñecemento, regras de conduta, modos de ser e formas de ver o mundo das xeracións anteriores, así como a creación doutros novos. Dun modo claro é recoñecido por todos os estudos, a lingua maioritaria de todas as xeracións anteriores en Galicia é o galego, unha lingua que chegou a ser a dun Rei de España e a da poesía española. É dicir, fai incumprir de modo flagrante unha das definicións clásicas de Educación.

-É obsoleta e anticientífica na perpetuación dun concepto e duns prexuízos xa superados en todo o mundo xa que desde a publicación en 1959 do libro de C. Snow “As dúas culturas”, sabemos que hai dúas culturas cada unha delas tan importante e determinante para a educación humana como a outra: a cultura literaria e a científica. Non pode ser que aos rapaces e raparigas galegas se lles negue a posibilidade de gozar dunha das dúas culturas na súa lingua nativa (súa ou incluso dos seus pais).

-A negación, a prohibición da transmisión da cultura científica galega e en galego é un atropelo sen precedentes aos dereitos do alumnado de coñecer a súa cultura en todas as dimensións. Da mesma orde de estulticia que se o decreto afirmase que en clase de educación física se debera promover e mover o lado esquerdo do corpo, pero non o dereito. Mover o dereito estará prohibido tallantemente.

A negación da existencia de ciencia en galego e de ciencia galega terá importantes consecuencias no futuro do país, xa que transmite a idea preconcebida dun pobo sen pasado, sen ciencia. De ser un pobo colonizado, incapaz de xerar cultura científica, de modo que o alumnado aprenda a resignarse a ser mera man de obra dos científicos de “onde?”. A verdade é que na nosa cultura atlántica, e moitos deles falando galego antigo, de hai miles de anos, está a lista dos científicos máis egrexios de todos os tempos.

A transmisión de valores e valoracións negativas cara a nosa lingua respecto a súa capacidade para transmitir ciencia son outros dos danos irreparábeis que transmite ese Decreto: para cantar e para facer poesía, si, para falar dos elementos da táboa periódica, non.

Que a lingua galega é un vehículo natural para a Ciencia se amosa e demostra na grande cantidade de publicacións en lingua galega do profesorado de Ciencias galego, así:

-O Boletín de Ciencias de Enciga (Ensinantes de Ciencias de Galicia) con 70 números publicados, e con decenas de congresos realizados, todos eles en galego. Como o expresan eles *“Ao longo destes anos, nos case 70 números publicados da nosa revista e próximos a realizar o XXIII congreso da nosa Asociación, a maioría das publicacións e comunicacións foron presentadas en galego, probando que é unha lingua tan natural coma outras para transmitir e divulgar ideas científicas. Ningunha*

*razón científica pode argumentar unha chata ou deficiencia por usar o galego para falar de Ciencia.”*

AGAPEMA (Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática) coa súa revista GAMMA da que leva publicado 10 números, cada un deles cunha corentena de artigos e case duascenas páxinas. E sete publicacións especializadas, Lemniscatas, ademais das actas dos seus cinco congresos e outras publicacións da mesma entidade como o libro “Miradas e andainas matemáticas por Ferrol” ou “Escher e matemáticas: Diálogo entre Ciencia e Arte”. Todas elas en galego, demostrando que si, que as matemáticas teñen no galego un vehículo natural e apropiado para expoñerse.

**A realización de múltiples exposicións por parte de AGAPEMA de Matemáticas 2000, Matemáticas para disfrutar, Escher e Matemáticas. Diálogo entre ciencia e arte. , Xeometría 3D, Ciencia Viaxeira: Explorando coa Luz, que chegaron a decenas de miles de alumnos e alumnas, pois percorreron todos os centros educativos de Galicia que as solicitaron, foron feitas en galego.**

Os concursos como os XVIII Rallyes Matemáticos sen fronteiras, As olimpíadas de 2º de ESO, os Rebumbios e moitas outros concursos locais como Feiras Matemáticas, Concurso de Enxeño e Muralla matemática foron feitas en galego. Sen que o idioma fose ningún atranco para a participación e o goce dos rapaces.

**AGAPEMA na súa resolución da asemblea do 6 de febreiro condena o decreto.**

A nosa asociación, IGACIENCIA, fai concursos como os Concursos Galegos de Robótica celebrados en Lugo e Santiago, demostrando que se pode falar e ensinar linguas de futuro na nosa propia lingua. E ten revistas como Labirinto con dous números publicados, un deles o número 1, “Os labirintos galegos”, trata o tema da autoestima galega na ciencia, un tema que o decreto pon en solfa e que, a pesar da súa pouca aparente importancia, é un dos máis perigosos para os habitantes de Galicia e o seu futuro, para os galegos, “se non te cres nada, nada serás no futuro”. Pois ben, polo que se coñece, os galegos inventan os labirintos hai miles de anos.

APETEGA é a Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia, e ten a súa páxina web con exemplos de numerosos proxectos de tecnoloxía en galego. Tamén se opón ao citado decreto, segundo a súa declaración feita en asemblea.

<http://www.apetega.org/>

Así como as asociación anteriormente citadas teñen as súas páxinas en galego

<http://www.enciga.org/es/>

<http://www.agapema.com/>

<http://www.igaciencia.org/>

En conxunto, un esforzo enorme de divulgación científica, de amor pola ciencia, polo ensino e polo país que non ten comparación con ningún outro. Nin Cataluña, nin

Andalucía, nin o País Vasco teñen nada parecido. SIGMA revista de matemáticas do País Vasco, está editada polo Goberno Vasco. Andalucía publica Epsilon da súa Sociedade Thales, e Cataluña Biaix, revistas de matemáticas, pero non publican de Ciencia, nin teñen comparación en extensión e profundidade. Pero nin Valencia, Murcia, Castilla la Mancha, Baleares, Castilla-León, Logroño, Santander, Asturias, Extremadura, ou Madrid teñen ou editan revistas propias de Matemáticas e/ou Ciencias. Ningunha.

Así que o profesorado galego de ciencias e matemáticas dá un exemplo en preparación de materiais, en discusión de metodoloxías, en actualización didáctica, en preparación científica que non ten parangón en todo o Estado Español e, en contrapartida, o goberno galego invalida todo o esforzo realizado ata o momento convertendo eses materiais en ilegais.

-Consideramos que a desmoralización entre o excelente profesorado galego de ciencias e matemáticas vai producir un baixón sen precedentes no ensino das ciencias en Galicia, producindo un dano irreparable ao país.

-Consideramos que ilegalizar a competencia didáctica e científica do profesorado de ciencias e matemáticas galego, sendo como é un ben escaso e pouco abundante, é un absurdo sen precedentes en todo o mundo civilizado.

-Consideramos que converter en clandestino ao profesorado máis preparado e eficiente non beneficia en nada á educación en Galicia e a súa necesaria tranquilidade.

-Consideramos que a lingua natural dos galegos é o galego e é a lingua na que mellor entenden os rapaces e raparigas galegas. Afirmámolo pola nosa experiencia, porque coa nosa lingua transmitimos emocións, sentimentos e maneiras de ver a vida que teñen miles de anos de antigüidade, que xa forman parte da nosa idiosincrasia, e que axudan a transmitir os coñecementos, aínda para aqueles que falan outras linguas. Vivencias, entendementos, complicidades, maneiras de ver a vida que non se transmiten noutras linguas polo que o decreto diminuírá nunha grande medida a transmisión da ciencia en Galicia.

-Non é certo que sexa indiferente dar a ciencia e as matemáticas en calquera idioma. Todos os documentos internacionais relativos ao ensino da ciencia e das matemáticas falan da necesidade de facer un ensino adecuado ao contexto. O NCTM americano <http://www.nctm.org/> insiste na necesidade de facer matemáticas con problemas adecuados a contextos reais e coñecidos polo alumno "O feito de presentar a cuestión no contexto da vida real axuda os alumnos a construír a idea na súa mente". Todas as teorías do proxecto PISA avalan a necesidade de ser competente sabendo facer e resolver problemas da súa vida real. A maioría dos problemas da vida real en Galicia son en galego, xa que a maioría da poboación aínda segue a ter esa lingua por bandeira. Xa que logo, ese decreto limitará enormemente a aprendizaxe das ciencias e das matemáticas en Galicia.

-Impide a todo o alumnado de Galicia a posibilidade de acceso á "terceira cultura" na lingua do seu país. A posibilidade de acceder á ciencia desde a súa lingua. Desde hai poucos anos, pero de día en día máis, o que tradicionalmente se denominou "ciencia" converteuse en "cultura pública". Como xa sinalou Stewart Brand: "A ciencia é a única

noticia. Nós sabemos que vivimos nun Mundo no que a maior cambio é o ritmo do cambio. A Ciencia tornouse, polo tanto, nunha grande historia.

Os temas científicos que chegaron a adoptar un papel destacado nos xornais e revistas nos últimos anos inclúen a bioloxía molecular, a intelixencia artificial, a teoría do caos, a vida artificial, paralelismo masivo, as redes neuronais, o Universo inflacionario, os fractais, os sistemas adaptados complexos, a teoría das supercordas , a biodiversidade, os sistemas de nanotecnoloxía, o xenoma humano, os sistemas expertos, o equilibrio puntuado, autómatas celulares, a lóxica fuzzy, a biosfera espacial, hipóteses Gaia, a realidade virtual, o ciberespazo e máquinas teraflop. Entre outros.”

Xa que logo, os galegos non teremos quen nos escriba noticias.

-Facilitará o analfabetismo funcional do alumnado galego cara a ciencia e na tecnoloxía.